O sector do pequeno comercio atravesaba en Galiza xa unha profunda crise con causas fondas como a ausencia dun sistema financeiro propio, as consecuencias da crise do 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que nestes 11 anos de goberno de Núñez Feijóo tamén asumiu en silencio a vulneración de competencias propias por parte do goberno central.

Con esta situación previa, o impacto da crise da covid-19 e as semanas de obrigado peche son un golpe de leme que afecta de forma drástica o noso país e que pon en xaque o seu futuro nun contexto no que se prevén meses nos que o consumo por parte das e dos usuarios será tamén moderado pola constrición económica e a perda de postos de traballo.

Ao mesmo tempo, esta crise supuxo tamén na cidadanía unha importante reflexión colectiva arredor da importancia do próximo, e do papel das e dos pequenos comerciantes. Este aumento da conciencia social sobre a inviabilidade dun modelo





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

económico que prima as grandes firmas debe ser recollido por parte das administracións.

Neste sentido, é fundamental actuar no inmediato e no medio prazo para garantir non só a máxima supervivencia posíbel do noso tecido do pequeno e mediano comercio senón tamén a aposta por un cambio de modelo onde este sexa central.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Deputación Permanente:

Que medidas de apoio promoveu e vai promover a Xunta de Galiza para garantir a supervivencia do tecido galego do pequeno e mediano comercio ao tempo que impulsa un cambio de modelo?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2020 10:58:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2020 10:58:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2020 10:58:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2020 10:58:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Deputación Permanente**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade galega enfróntase a unha pandemia que ten consecuencias devastadoras na saúde pública, na vida social e no tecido económico. Un desafío desta natureza require dunha actuación pública coordinada, áxil e eficaz, baseada na lealdade, na cooperación, no diálogo e na corresponsabilidade.

Máis alá das medidas urxentes e de choque necesarias para dar resposta a unha crise desta natureza, que avaliamos como lentas, insuficientes e tardías, desde o BNG consideramos necesario articular unha resposta de país, pública, integral e participada na que teñan voz todos os axentes institucionais e todos os sectores sociais e económicos.

Trátase pois de crear, a maior brevidade posíbel, un foro de análise, debate e formulación de propostas para, por unha parte, facer fronte de xeito inmediato á emerxencia social e económica producida pola crise do COVID 19 e, por outra, deseñar un conxunto de medidas a medio e longo prazo para a recuperación da actividade económica, o fortalecemento do tecido produtivo e de emprego, a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

corrección das desigualdades e a garantía dos dereitos sociais, laborais e democráticos. Trátase en definitiva de procurar unha saída xusta a esta crise, para que non a volvan pagar os mesmos sectores que xa pagaron, coa perda de rendas e dereitos, a anterior crise económica.

E máis alá deste contexto, a crise tamén debe ser unha oportunidade para unha profunda reformulación do sistema social e económico dominante, procurando o desenvolvemento do potencial dos nosos sectores produtivos, incentivando as relacións sociais e económicas de proximidade, e corrixindo os desequilibrios que nos fan máis vulnerábeis.

Unha situación desta natureza excepcional demanda unha resposta tamén excepcional, que estea á altura deste momento histórico e que vaia máis alá de intereses particulares e partidistas. Unha resposta baseada no diálogo e na interlocución social e que conte coa participación de todos os sectores institucionais, económicos e sociais. E que ademais teña en conta as especificidades do noso país en canto ao tecido produtivo e de emprego, demografía, poboación activa, precariedade e temporalidade laboral, sectores produtivos, servizos públicos, risco de exclusión social, etc.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral na Deputación Permanente:

Que tipo de interlocución levou a cabo o goberno galego desde o inicio da crise da COVID 19 coas organizacións representativas dos sectores económicos, sindicais, sociais e do ámbito da saúde?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2020 11:44:22**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2020 11:44:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2020 11:44:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2020 11:44:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Deputación Permanente**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da Covid-19 golpea de forma especial o colectivo de autónomos e autónomas, que no noso país está composto arredor de 210.000 persoas. Desde o primeiro momento, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego mantivo encontros con autónomos e autónomas así como con organizacións que as e os aglutinan como é o caso da Asociación de autónomos e pequenas empresas e coa Asociación de traballadores autónomos para recabar as súas inxerencias.

Durante esta crise, nin o goberno central nin a Xunta de Galiza están a actuar de forma decidida neste ámbito, e cómpre un maior esforzo das administracións públicas para desenvolver un verdadeiro plan de choque diante da situación de emerxencia que atravesan quen constitúen un pilar da nosa economía.

Non se entende que, a estas alturas, desde o goberno central siga sen asumirse que a ingresos cero o lóxico é impostos cero. Tampouco, que desde a Xunta de Galiza non se adopte ningún tipo de axuda directa como as que si están impulsando outros territorios como Catalunya, Cantabria ou mesmo Madrid, gobernados por diferentes forzas políticas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Neste sentido, o BNG entende que é hora de sumar esforzos para adoptar a reclamación de medidas urxentes, desde demandar a eliminación da cota de autónomos durante un período inicial de 3 meses a impulsar unha axuda directa de 2.000 € por parte do Executivo galego para os casos nos que as persoas autónomas se viran obrigadas a pechar ou reducián de xeito importante os seus ingresos, axudas que deben ser compatibles coas do Estado.

Igualmente, é necesario abordar outros retos como eliminar o pago do alugueiro ou das cotas da hipoteca durante o período non traballado e aplicar unha quita do 50% nos tres meses seguintes á reapertura da actividade e tamén reducir burocracia para axilizar a tramitación de axudas e liñas de crédito aprobadas e garantir medidas de liquidez que sorteen a gran deficiencia que ten este país ao non contar cun sistema financeiro propio nin con instrumentos adecuados ao abeiro da administración galega.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Deputación Permanente:

Valora o goberno galego medidas de urxencia como axudas directas de 2.000 euros para autónomos e autónomas que sexan compatíbeis coas do Estado?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2020 13:22:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2020 13:22:40**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2020 13:22:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2020 13:22:57**



## Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na sesión da Deputación Permanente.

Ante a situación xerada pola crise do Covid-19 a CIG lanzou un inquérito online, ao persoal docente, que ten posto sobre a mesa datos alarmantes acerca da fenda dixital e social que deixa a moitas nenas e nenos fóra do seguimento do curso académico por esta vía online.

**Unha situación que alertan agrávase no caso dos nenos e nenas que teñen diversidade funcional ou que precisan dun apoio específico. Nestes casos compróbase como sofren con maior carga de profundidade a falta de recursos e de interacción co seu profesorado habitual e coas especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Máis de dous terzos das respostas apuntan a unha diferenza apreciable co resto do alumnado. A metade delas (case un 35% do total das respostas) indican unha menor participación deste alumnado, mais destaca unha porcentaxe case igual (31%) que apunta aos insuficientes recursos e materiais adaptados. Só un reducido 20% dos docentes que responderon afirman que a participación no ensino telemático é similar.**

O profesorado achega tamén un dato de valor respecto á atención ao alumnado con Necesidades Educativas de Apoio Específico: o 85% afirma que non recibiu ningunha indicación específica para abordar a diversidade empregando a formación a distancia. Se unimos esta afirmación coa demanda de instrucións e



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

apoio específico presentes noutras respostas ao inquérito é fácil chegar á conclusión de que estas serían especialmente necesarias.

Ante esta situación, preséntase a seguinte pregunta:

- Que medidas está aplicando o Goberno galego para garantir a correcta atención das necesidades específicas de apoio educativo?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 21/04/2020 13:57:34**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/04/2020 13:57:58**



## Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na sesión da Deputación Permanente.

A volta ao curso académico tralo parón de semana santa foi acompañado da falta absoluta de planificación por parte da Consellería de Educación. Nunha situación de extraordinaria incerteza as instrucións da consellería non puideron ser menos concretas.

Isto provoca unha situación de enorme desamparo por parte do profesorado que se ve obrigado a abordar un terceiro trimestre totalmente excepcional, ante a ausencia de instrucións, a mediados de abril, sobre como proceder, que tipo de contidos se impartirán e como se avaliará.

Neste tempo os sindicatos do ensino levan requirido en moitas ocasións á consellería que convoque á representación do profesorado para falar deste final de curso. Unha reunión urxente que a consellería ignora de xeito totalmente incomprensible.

Ante esta situación, preséntase a seguinte pregunta:

- Por que a Consellería de Educación non ten enviado instrucións claras ao profesorado sobre a terceira avaliación?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/04/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 63864  
Data envío: 21/04/2020 14:01:02.413

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 21/04/2020 13:55:34**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/04/2020 13:55:57**





## Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na sesión da Deputación Permanente.

Á situación de incerteza xeralizada que está padecendo a comunidade educativa hai que sumar, a falta absoluta de información por parte da Consellaría de Educación. Unha situación moi gravosa para as miles de persoas que preparan oposicións ao corpo de profesorado.

Despois de anunciar a finais de marzo que de prorrogarse o estado de alarma máis alá do día 11 de abril, se aprazaría o proceso selectivo; unha vez confirmado o aprazamento a conselleira enviou unha carta ás organizacións sindicais informando de que se mantíña a celebración do proceso selectivo. Case simultaneamente, o presidente da Xunta anunciou aos medios de comunicación que ata maio non tomarían unha decisión final. Cambio de criterio. De novo, insisten nunha política errática máis centrada na permanente precampaña electoral que na preocupación polo sistema educativo galego e pola saúde de toda a comunidade educativa.

Deste xeito aproximámonos a finais de abril con cambios de criterio inxustificadas e sen que o goberno poida asegurar que se dean as condicións para que as autoridades sanitarias avalen a celebración de ningún acto no que se convoque a un elevado número de persoas nun recinto pechado. Non se pode asegurar cos datos actuais que non vaia existir risco de contaxio.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Ante esta situación, preséntase a seguinte pregunta:

- Que motivos levan ao Goberno galego a non atender as demandas do colectivo opositor pospoñendo a data de forma que se garanta a seguridade total das persoas aspirantes?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 21/04/2020 13:53:30**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/04/2020 13:54:00**



## Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 52 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na sesión da Deputación Permanente.

O ensino público, pilar de calquera sociedade democrática e avanzada, viuse especialmente afectado pola crise do COVID-19 posto que, ademais de afectar aos menores e aos universitarios, o sistema estaba debilitado tras once anos sucesivos de recortes.

O persoal docente está a comprobar o seguimento desigual das clases polos rapaces e rapazas dependendo das súas circunstancias persoais, socioeconómicas e culturais. Se a isto lle sumamos que segundo os últimos datos coñecidos máis do 30% do alumnado non ten un axeitado acceso a internet faise patente que a pretendida normalidade do curso en liña non é a vía axeitada para a igualdade de oportunidades. Garantir a igualdade de oportunidades é a premisa dun futuro máis xusto.

Ante esta situación, preséntase as seguinte Pregunta:

- Que medidas está aplicando o Goberno galego para garantir a igualdade de oportunidades no acceso ao sistema educativo?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Boveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/04/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 63866  
Data envío: 21/04/2020 14:03:36.161

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 21/04/2020 13:48:44**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/04/2020 14:02:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Deputación Permanente**, relativa a situación sanitaria do persoal do SERGAS diante da pandemia pola COVID-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG leva anos demandando unha sanidade pública galega, universal, gratuíta e de calidade. Un servizo esencial.

A pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión que ten someter ao sistema sanitario a uns tremendos recortes tanto en termos de recursos económicos como humanos. Que non pode volver repetirse.

Tiveron días de vantaxe dado que en Galiza a crise sanitaria chega con atraso en relación aos principais focos do Estado, a pesares diso perderon días valiosísimos sen actuar, sen anticiparse.

Un mes despois de terse decretado a emerxencia sanitaria e o estado de alarma seguen sendo moitas as deficiencias existentes, co que se aumenta o risco de contaxio e inseguridade. Sigue sendo motivo de preocupación e de denuncia que a día de hoxe o persoal continúe sen o material de protección suficiente e axeitado contra o risco de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

contaxio por Covid-19, sen realizar os test a todo o persoal, que se manteña a precariedade laboral e sigan realizando contratos por días e semanas, a rotación permanente de profesionais por diferentes servizos, a falla de protocolos claros por servizos, por unidades de hospitalización, unidades COVID, que se produzan contaxios constantes en plantas “non COVID-19” como por exemplo teñen denunciado no Hospital de Oza.

No prazo dunha semana a Xunta de Galiza, tivo que rectificar dúas decisións que significaban desprotección e precarización de profesionais eventuais.

Primeiro a decisión de romper o vínculo laboral as profesionais que enfermaran por contaxio de COVID-19 e logo pola decisión de rescindir os contratos de profesionais de reforzo

Só a denuncia pública fixo que rectificaran estas decisións insensatas e inxustificadas. Con este proceder o Goberno do Partido Popular está a demostrar que máis unha vez está a actuar movido por intereses económicos na vez de polas necesidades e a calidade asistencial.

Mostra a falta de previsión e a improvisación ao pretender prescindir de profesionais en canto hai unha pequena baixa da presión asistencial, sen ter seguridade que esa tendencia se vaia manter, ou se poidan producir repuntes.

A primeira lección que nos deixa esta crise é a constatación de que o máis valioso que ten a sanidade pública é o seu persoal, os e as magníficas profesionais, que máis unha vez deron o mellor de si, arriscaron a súa saúde para garantir a saúde da poboación.

Ao persoal do SERGAS suspendéronse os seus dereitos de conciliación, de días libres, de vacacións..., por ser precisa a súa disposición absoluta para atender á





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

pandemia, cunha sanidade pública moi diminuída por anos de recortes. É preciso ir compensando ese enorme sobre esforzo, estres e sacrificio.

O mellor aplauso e recoñecemento aos traballadores e traballadoras da Sanidade pública, é defender os seus dereitos, contratacións estábeis, rematar coa precariedade, repoñer todas as prazas eliminadas coa aplicación da taxa de reposición, en suma unha sanidade pública sen recortes nin privatizacións.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral na Deputación Permanente:

Considera o Goberno galego que o persoal que presta servizo no Sergas estivo e está suficientemente protexido diante da pandemia da COVID-19?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2020 18:34:18**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2020 18:34:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2020 18:34:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2020 18:34:44**







OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa ás accións a realizar nas residencias de maiores por mor da pandemia da COVID-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza temos unha poboación máis envellecida que noutras partes do estado o 25% da poboación ten máis de 65 anos e, polo tanto, maior porcentaxe de poboación de risco:

Un dos sectores mais afectados pola crise sanitaria derivada do COVID 19 e o das residencias de maiores e de persoas con diversidade funcional e que afecta tanto as persoas usuarias como ao persoal que se encarga da súa atención. A día de hoxe os datos das residencias de maiores son de arredor de 1.500 persoas infectadas e 204 falecidas.

A Xunta tivo días de vantaxe dado que en Galiza a crise sanitaria chegou con atraso en relación aos principais focos do Estado, a pesares diso perderon días valiosísimos sen actuar, sen anticiparse. E bo aprender dos erros, dos propios e dos que cometeron outros, que se viron afectados antes e con grande virulencia, e a nosa valoración é que as medidas adoptadas non foron as axeitadas, tomáronas tarde e seguen sen tomar algunhas que consideramos fundamentais.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Non é de recibo o que está a acontecer nas residencias de maiores de Galiza cun número de persoas falecidas que representa o 43.96% do todas as que se levan producido.

A Consellaría de Política Social está sendo unha consellaría ausente, sen que a tutela das residencias que presuntamente asumiron se converta nunha posición proactiva, senón ao contrario, só están a actuar cando se ven sobrepasados polos feitos.

Non podemos permitir que as persoas máis vulnerábeis da nosa sociedade os nosos maiores estean neste nivel de desprotección.

Detrás das estatísticas hai persoas con nome a apelidos, pais, nais, avoas, irmáns, que levan días vivindo en angustia permanente temendo polos seus familiares. Hai profesionais desbordados conscientes de que non están prestando unha atención de calidade, que non están facendo o traballo con garantías, e tamén con medo a contaxiar e a ser contaxiados. Familiares e profesionais que teñen presentado denuncias, até chegar á fiscalía.

Esta crise fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro, de recortes, de deficiencias... denunciadas até a saciedade. Un drama que se mostra agora mais que é anterior a esta pandemia. Un sector entregado á empresa privada, falto de recursos e precarizado. Os servizos sociais convertidos nun negocio moi lucrativo, fundamentalmente para os grandes grupos de investimento estranxeiro, propietarios da maioría das empresas que controlan a atención social.

A Xunta coñecía as deficiencias de moitos destes centros porque así o denunciou o Consello de Contas nun informe e actas de inspección, pero antepuxo os intereses desas empresas, vinculas ao PP, ao interese das persoas residentes nelas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Coida o Goberno galego que realizou todas as accións precisas para protexer ás persoas maiores que viven en residencias fronte á pandemia da COVID-19?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2020 12:10:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2020 12:10:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2020 12:11:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2020 12:11:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Olalla Rodil Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a declaración do estado de alarma, unha das preocupacións maiores ademais da sanitaria é a de asegurar o abastecemento de alimentos da poboación minimizando os riscos de contaxio e garantindo este abastecemento o tempo que dure esta situación excepcional, así como despois da mesma.

A rápida prohibición de celebración de feiras e mercados locais e o feito de facer recaer todo o peso do abastecemento de alimentos e produtos básicos nas cadeas de alimentación e supermercados desata inmediatamente a polémica.

O goberno en funcións da Xunta de Galiza, de man do PP opta por continuar na liña política de favorecer as grandes distribuidoras de alimentos e rematar cos espazos abertos e a relación de confianza produtor consumidor.

O sector de venta directa e os asiduos ós mercados locais vense prexudicados e non atinan comprender por que non se establecen protocolos de seguridade para que estes mercados non so teñan continuidade senón que se incentiven coma espazos máis seguros e máis garantistas de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por que ás áreas comerciais e ós super e hipermercados non se lles aplica a mesma lóxica que se utilizou para o peche dos mercados locais? Hai que saír á rúa para ir e volver, dentro xúntase a xente en pequenos espazos. Esta medida non ten xeito en materia sanitaria. O manufacturado en plástico e bandexas de porispán non aseguran máis hixiene nin maior seguridade sanitaria. En cambio si recoñecen aptitude da mercancía dos produtores de venda directa telefónica, *on line* e no propio mercaproximidade. Por que logo nos mercados locais non?

O peche unilateral destes mercados sen consultar co sector e sen habilitar medidas compensatorias para as persoas afectadas que garantan a súa subsistencia polo cese da actividade, é dunha irresponsabilidade manifesta.

A compravenda de alimentos está protexida dentro da actual situación de emerxencia sanitaria, permitíndose os desprazamentos a centros comerciais para a súa adquisición, mesmo con total liberdade horaria, tal e como reflexa o artigo 7 do Real Decreto 463/2020. Se ben é certo que se recomenda non celebrar actividades ó aire libre, entre as que se incluíron as feiras e os mercados, a recomendación específica que vai dirixida a aqueles eventos que supoñan concentracións de máis de 1.000 persoas, polo que os mercados de proximidade que se celebran periodicamente en Galicia non entrarían neste suposto, non sendo incluídos tampouco estes espazos na relación de equipamentos e actividades con apertura ó público que quedan suspendidos segundo o disposto no artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Trátase logo dunha covardía máis ou da xa crónica falla de compromiso para co rural ou, é unha operación de maior calado do PP a favor das grandes distribuidoras alimentarias?

Noutras comunidades autónomas continúan a celebrarse con ríxidas normas de seguranza e cos controis necesarios. Aquí non. O único que se lle ocorre á Consellería





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de Medio Rural é ...facer que fai... tomando unha medida propagandística que bautiza coma MERCAPROXIMIDADE e así en vez de elaborar un protocolo que regule as diferentes facetas destes mercados locais imprescindibles para a continuidade da actividade agrogandeira, toma contacto coas distribuidoras, (tentando rematar co que proclama defender), para incorporar ós pequenos produtores ó mercado lineal. O coroa virus serve así de pretexto para conseguir ese fin: que a única venda posible sexa por medio de grandes distribuidoras e que o resto sexa residual.

O mercado local proporciona non so alimentos de calidade e confianza, senón tamén a planta necesaria para asegurar o abastecemento futuro da poboación tanto en modalidade autoconsumo coma de venda. E de todos/as é sabido que os labores do campo ou se fan no seu tempo ou é tempo e colleitas perdidas, e sen mercado que proporcione a planta de temporada este dito pode ser unha realidade que manque o abastecemento no verán.

Polo que se ve, o goberno do PP non quer aprender dos erros cometidos. As máscaras, produto imprescindible no combate á pandemia son fabricadas a millares de quilómetros, outro tanto acontece cos insumos básicos para manter a alimentación do noso gando de leite e carne nas modalidades de vacún, porcino, avícola... en intensivo e tal acontece tamén coa alimentación humana.

O proceso debería ser inverso. É este o momento de iniciar campañas de apoio a este comercio de proximidade e unha aposta clara pola extensión da actividade agrogandeira que nos encamiñe ó logro dun auto abastecemento básico de alimentos e produtos de primeira necesidade para a poboación galega. A tan de moda agora que se lle ven os dentes ó lobo, soberanía alimentaria. Por maior calidade nos alimentos, por maior seguridade sanitaria, por desenvolvemento económico, por fixación de poboación no rural... por xestión do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta crise debería servírnos para recuperar o prestixio que tiña este tipo de actividade mercantil da horta á mesa, o protagonismo do campo propio, na conformación dunha sociedade moderna. Non será por falta de coñecementos, nin de xente disposta, nin por escaseza de terra ou climas adversos... De todo isto temos en abundancia, soamente nos falta intencionalidade política a favor do pobo galego.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral:

Ten pensado o Goberno galego algún tipo de medidas que corrixa o abandono dos sectores produtivos que conforman o comercio de proximidade de alimentos e produtos básicos?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2020 12:52:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2020 12:52:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2020 12:53:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2020 12:53:11**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, sobre a data das oposicións en educación e as medidas que debe adoptar ao respecto a Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza decidiu manter a data prevista para a celebración das oposicións en educación no mes de xuño, ao contrario do que acontece noutros territorios como Catalunya, Madrid ou Andalucía, que decidiron adialas até despois do verán ou mesmo aprazalas até o 2021.

A decisión do Goberno galego está a xerar unha grande incerteza entre os milleiros de persoas que no noso país preparan os exames pois, as medidas de confinamento e distanciamento social adoptadas para frear o avance da COVID-19 así como as máis que probábeis restricións após o levantamento do estado de alarma xeran grandes dúbidas sobre a data.

Neste senso, as e os opositores veñen reclamando –como tamén o BNG-- que se adíen as oposicións ora ben, coas debidas garantías de que o número de prazas ofertadas se manterán e ampliarán incluíndo aquelas que fixe a taxa de reposición para o ano 2021.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Vai aprazar a Xunta de Galiza as oposicións en educación?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2020 13:25:06**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2020 13:25:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2020 13:25:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2020 13:25:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, sobre as repercusións da crise sanitaria provocada pola COVID-19 no ámbito educativo e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 13 de marzo de 2020 a Xunta de Galiza suspendeu as aulas nos centros de ensino de todo o país por mor da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Aínda que inicialmente a previsión era manter a suspensión durante 14 días, o decreto de estado de alarma e as súas sucesivas prórrogas, prolongaron o confinamento e, con el, a teledocencia.

Ao longo deste tempo ficou máis que evidente que o ensino galego non estaba preparado para afrontar esta situación. No noso país existe unha importante fenda dixital, especialmente no rural, pero tamén desigualdades sociais e económicas que impiden garantir un ensino equitativo.

En moitos fogares existe unha conexión precaria, apenas un computador que teñen que partillar diversos membros da familia ou contextos laborais que condicionan a aprendizaxe do alumnado. Neste senso, un inquérito realizado pola CIG-Ensino entre máis de 6.350 docentes pon en evidencia as múltiples e diversas dificultades que atopamos coa implantación forzada da teledocencia. Sirva apenas de exemplo que o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

61% do profesorado que participou no estudo recoñeceu non ser quen de manter contacto con todo o estudantado.

Esta situación supón unha anomalía e impide dar continuidade ás avaliacións cos mesmos criterios que se viñan usando nas aulas presenciais e marca, sen dúbida, non só o final de curso 2019/2020 senón o inicio do 2020/2021.

Neste contexto resulta obvia a necesidade de chegar á acordos entre a Consellaría de Educación, o profesorado –a través das súas organizacións sindicais-- e as familias –a través das ANPAS-- para abordar a realidade actual e adoptar as medidas que resulten oportunas para garantir a aprendizaxe –en condicións de equidade e xustiza social-- do alumnado.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral:

Por que non dialoga a Xunta de Galiza coa comunidade educativa?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2020 13:48:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2020 13:48:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2020 13:48:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2020 13:49:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa ás medidas a tomar para garantir o abastecemento de produtos para a protección contra o COVID-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada día son máis as voces de persoas expertas en saúde que consideran que o uso xeneralizado de máscaras pola poboación en xeral está xustificada, incluso nas fases iniciais e en persoas asintomáticas, tendo en conta o alto nivel de contaxio do SARS-CAOV-2.

O 20 de abril de 2020, o Goberno español no documento “Recomendacións sobre o uso de máscaras na comunidade no contexto do COVID-19” establece que o uso de máscaras na poboación en xeral pode servir como medio de control da fonte de infección ao reducir a propagación na comunidade xa que se reduce a excreción de pingas respiratorias de individuos infectados, aínda que non teñan desenvolvido síntomas ou permanezan asintomáticas. Considérase o uso de máscaras especialmente cando se acuda a zonas con xente, en especial en espazos pechados.

Esta medida por si soa non é suficiente para conter o virus, é unha medida complementaria e non de substitución, é unha máis a aplicar conxuntamente cunha hixiene de mans constante, non tocarse a cara (boca, nariz e ollos), manter as distancias de seguridade e o mantemento de corentena das persoas positivas confirmadas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta é unha medidas que veñen implementando desde fai tempo en países onde mellor teñen contido a pandemia como Corea do Sur, China ou Chequia.

Se as máscaras son un elemento de protección contra o coronavirus deben estar accesibles para toda a poboación e, polo tanto, o seu uso non pode ser unha mera recomendación. Moito menos no ámbito laboral onde en moitos casos os traballadores/as non contan con medidas de protección. Non ten xustificación que estean obrigadas por lei a cumprir cuestións moito menores en materia de prevención de riscos laborais e que o uso de máscaras neste contexto de pandemia sexa voluntario e recaia na responsabilidade e nas posibilidades económicas dos traballadores e traballadoras.

É preciso establecer un protocolo propio en Galiza que garanta a distribución gratuíta das máscaras entre toda á cidadanía, cando menos mentres exista risco de contaxio.

De cara a garantir o abastecemento tanto no presente como no futuro de produtos de protección, consideramos precisa a posta en marcha dunha empresa pública adicada á produción de material de protección como máscaras, luvas batas, gafas ou hidroxelos, e promover que haxa tecido empresarial galego que produza estes produtos.

É unha evidencia que pode haber rebrotes, outras pandemias e hai que prepararse, producir en Galiza para garantir o subministro de material sen dependencias de mercados globais. Esta pandemia mostra o perigoso que é deixar en mans dunhas poucas empresas repartirse a fabricación de por exemplo tests, medicamentos ou respiradores.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que medidas ten tomado a Xunta de Galiza para garantir o abastecemento de materias precisos para protexer aos galegos e ás galegas do contaxio pola COVID-19?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2020 16:04:43**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2020 16:04:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2020 16:05:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2020 16:05:07**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Ana Pontón Mondelo**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galiza fixo público no día de onte, martes 21 de abril, que se encomendou a SOGAMA, nas instalacións de Cerceda, a xestión de maneira excepcional e provisional dunhas cinco toneladas diarias de residuos sanitarios clasificados como clase II e III, formados principalmente por equipos de protección, máscaras, luvas e similares. Segundo a información pública, os residuos de clase IV (citolóxicos e citostáticos) e os de clase V (outros residuos perigosos) seguirán a ser tratados en xestores autorizados.

En canto aos residuos sanitarios clasificados como II e III derivados a SOGAMA, segundo a información dispoñíbel van ser tratados nunhas instalacións específicas (unha carpa) onde serán triturados e enviados a través dunha tubaxe separada á caldeira de incineración. Tanto as tarefas de transporte como de tratamento na planta de Cerceda van teoricamente ser realizadas por persoal diferente ao da UTE que xestiona as instalacións da planta de xestión de residuos sólidos urbanos.

2. Ademais das complexidades e da imposibilidade de xestionar no mesmo espazo e nas mesmas instalacións residuos de diferentes natureza e materiais





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

potencialmente contaminantes ou contaxiosos, como xa advertiron as organizacións sindicais, xorden dúbidas sobre diferentes cuestións que se deben ter en cota:

-xustificación desta alternativa como a máis axeitada e desbotamento doutras opcións como o tratamento por xestores autorizados, porque todo parece indicar que se trata dun parche ou un atallo para reducir custos e para “sacar o problema do medio”;

-necesidade de autorización polo órgano ambiental do tratamento excepcional deste tipo de residuos na planta de Cerceda e polo tanto de modificación das condicións da AAI, como se fixo noutros territorios;

-dificultade ou imposibilidade material de non interferencia entre as operacións de transporte, tratamento e xestión dos residuos sanitarios e dos residuos que vén xestionando a planta de Cerceda, así como garantías máximas de seguridade e saúde para o persoal da planta;

-necesidade de adaptación do plan de prevención de riscos laborais, do plan de emerxencia e evacuación, e dos plans e protocolos de traballo vixentes e ata esta altura na planta de Cerceda.

3. Por parte da representación sindical do persoal das contratas que traballan no complexo de tratamento de residuos de Cerceda alertouse das complicacións, dificultades e riscos que conleva o sistema elixido para o tratamento dos residuos sanitarios das clases II e III. Así, nun escrito dirixido á consellaría de medio ambiente, territorio e vivenda e a SOGAMA, e tamén á UTE, solicita información sobre a adopción de diversas medidas para evitar riscos e garantir o estrito cumprimento de todas as esixencias laborais, ambientais e sanitarias.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Deputación Permanente:

Por que a Consellaría de Medio Ambiente desbotou o tratamento por parte de xestores autorizados dos residuos sanitarios de clase II e III e optou polo tratamento destes na planta de SOGAMA en Cerceda, con todos os potenciais riscos para a saúde e o medio que esta decisión conleva?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2020 17:09:49**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2020 17:09:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2020 17:10:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2020 17:10:12**



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

A comezos deste mes de abril, a Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial elaborou un documento base sobre medidas organizativas e procesuais para o plan de choque que evite o colapso da Administración de xustiza cando remate o estado de alarma polo coronavirus. A ninguén se lle escapa que todas as ordes xurisdiccionais -fundamentalmente civil, mercantil e social- van ter que facer fronte a un notable incremento das cargas de traballo, polo que o Goberno de España ten activado un plan de axilización da actividade xudicial, previsto na disposición adicional 19ª do Real decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo. Nada semellante por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Polo tanto, un parón e colapso que en Galicia se vai sumar ao que aínda trae cola das mobilizacións e xornadas de folga do persoal da Administración de xustiza ao comezo da presente lexislatura. Ao que hai que engadir a inexistencia de teletraballo do persoal pola falla de previsión do Goberno galego (polo visto, non se teñen habilitado equipos), polo que só está a traballar, de xeito presencial, unha persoa por xulgado. A “Administración de xustiza 3.0 de Galicia”.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a situación da Administración de xustiza en Galicia, como consecuencia do COVID-19?
2. Que aportacións ten feito -ou non- o Goberno da Xunta de Galicia ao documento base sobre medidas organizativas e procesuais para o plan de choque que evite o colapso da Administración de xustiza cando remate o estado de alarma polo coronavirus, proposto polo Consello Xeral do Poder Xudicial?
3. Cales son os motivos polos que o persoal da administración de Xustiza de Galicia non pode optar polo teletraballo? Cando pensa o Goberno arranxar esta situación?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/04/2020 12:49:27  
**Nº Rexistro: 63960**  
Data envío: 24/04/2020 12:49:27.644

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 24/04/2020 12:41:05**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/04/2020 12:41:19**

CSV: BOPGDSPGzaVYQUHJ8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





## Á Mesa da Deputación Permanente

**Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

Dende o comezo da crise polo coronavirus temos presente unha tremenda fenda social no acceso a internet (eufemisticamente, fenda dixital). Témolos visto no ámbito educativo (unha porcentaxe importante do alumnado non ten posibilidades de conexión) e onte mesmo o Concello de Ferrol anunciaba a posta en marcha dunha campaña para facilitar a comunicación coas súas familias das persoas maiores, soas e sen recursos mediante vídeo-chamadas. Onde está a Amtega? Onde estivo ata o de agora?

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten detectado a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) fenda social no acceso a internet en Galicia? En que ámbitos ou áreas? En que territorios?
2. Que ten feito dende a declaración do estado de alarma ata o de hoxe a Amtega para solucionar este problema de desigualdade social?
3. Pensa o Goberno que o elevadísimo orzamento, ano tras ano, da Amtega pode ter como resultado este problema de desigualdade social en pleno século XXI?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/04/2020 12:50:27  
**Nº Registro: 63963**  
Data envío: 24/04/2020 12:50:27.676

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 24/04/2020 12:42:44**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/04/2020 12:42:56**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGzaVYQUHJ8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa da Deputación Permanente

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou a Orde do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19.

Esta orde dítase para axudar ás familias que, atopándose en situación vulnerable por motivos de renda ou de exclusión social, deberán asumir o custo daqueles menús diarios dos seus fillos e fillas que en período lectivo correría pola conta da Administración educativa.

O importe das axudas quedou establecido en 2,50 € para os alumnos beneficiarios da gratuidade total e 1,50 € para o alumnado que satisfai 1 € diario pola comida, logo das estimacións do custo das materias primas empregadas na elaboración dos menús escolares.

Segundo estimacións oficiais da propia Xunta de Galicia, preto de 45.000 (en realidade 44.293) alumnos se poderían beneficiar desta medida e, deles, 40.480 son usuarios con comedor gratuíto e 3.813 semigratuíto que pagan 1 euro.

Durante a comparecencia da Sra. conselleira na Deputación Permanente celebrada o día 22 de abril de 2021, afirmou que foron 30.159 os alumnos e alumnos beneficiados, o que supón un 68 % do alumnado potencial ou, dito doutro xeito, un 32 % do alumnado potencialmente beneficiario ao final non ten axudas ou, o que é o mesmo, 14.134 alumnos pertencentes a familias en situación vulnerable non están a recibir axuda.

O certo é que a xestión destas axudas ten sido complexa ao carecer a Administración da información necesaria para facer máis áxil o procedemento e ter que recorrer ás direccións dos centros educativos para obtela; ademais, debe engadirse a dificultade de moitas familias para facer o procedemento de xeito telemático empregando a sede electrónica da Xunta de Galicia.



En resumo, atopámonos ante unha acción pertinente pero que debe ser mellorada en múltiples aspectos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) A entidade das axudas podería ter sido incrementada considerando que hai elementos do custo diario dos menús que non están a ser aboados?

2ª) A que atribúe a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o feito que as familias dun 32 % do alumnado non teña solicitadas axudas?

3ª) Considera que a medida e a súa implementación está sendo eficaz?

4ª) Considera necesario deseñar un procedemento que permita actuar de forma máis eficiente ante posibles repeticións de situacións como a actual?

.

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/04/2020 13:09:29**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 24/04/2020 13:09:52**



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

A evolución da pandemia provocada polo coronavirus vén obrigando a que os esforzos, como é natural, estean centrados na maior parte en confrontar de maneira directa os impactos do virus a efectos sanitarios e sociais. Non en tanto, os distintos gobernos da administración están xa tratando as posibilidades da desescalada das medidas e a previsión dos escenarios de futuro próximo que deberemos afrontar.

En numerosas ocasións os especialistas teñen debatido sobre a posibilidade de facer este proceso diferenciado por territorios (non necesariamente asimiladas a comunidades autónomas, incluso). Ante esta posibilidade, que de ser o caso podería afrontarse, os distintos gobernos deberan manexar escenarios de previsión futura de medidas e traballar con modelos de predición sobre evolución do virus, contaxios e o efecto sobre persoas e o sistema sanitario.

A situación de Galicia, co seu volume de contaxios, evolución do virus e situación do sistema sanitario, merece unha análise que permita entender o escenario futuro a corto, medio e longo prazo. Non en tanto o Goberno da Xunta de Galicia non ten transmitido de maneira pública, nin nas breves conversas co resto de representantes políticos, ningunha información a este respecto.

Unha preocupación existente está no efecto que unha segunda onda de contaxios puidera provocar, toda vez que a eliminación completa do virus é imposible e haberá que afrontar escenarios de novos contaxios, e posibles escaladas que serán precisas de confrontar.



Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten o Goberno galego algunha previsión de posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus en termo inmediato? E previsión de efectos dunha segunda onda de contaxios?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 24/04/2020 13:29:48**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/04/2020 13:30:00**



## Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

**Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando e Luca Chao Pérez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na sesión da Deputación Permanente**.

Moitas carencias está sacando á luz esta crise e moitas delas foron denunciadas por este grupo antes e durante a mesma. A maior parte desas carencias están relacionadas coa crise de coidados que leva no centro da axenda feminista desde hai anos. Son todas aquelas tarefas vinculadas ao ámbito privado e dos coidados as que quedan agochadas na precariedade máis salvaxe cando se fai de xeito profesional, ademais están os coidados familiares, as familias coidan e as mulleres das familias máis, e as persoas que o fan soas se cadra con máis problemas de conciliación que ninguén. E isto é o resultado do modelo familiarista dos coidados, especialmente intenso neste país.

A Xunta de Galicia leva tempo confundindo conciliación con natalismo e desa guisa nos colleu esta crise, deixando sen soporte a todas aquelas persoas que coidan.

Porque se algo fixo esta crise foi visibilizar como os coidados son o eixo principal da vida e só onde isto se asume deste xeito se pode paliar parte do impacto que vai ter sobre as vidas de todos e de todas. Todos e todas precisamos e exercemos coidados, leva sendo un dos eixos principais da loita feminista, agora non se pode mirar para outro lado. E o único xeito de abordalo é socializar os coidados e apoialos en servizos públicos de calidade.

As profesionais dos coidados son máis necesarias que nunca nesta crise, e están,



coas súas situacións de precariedade, facéndoo, mentres non sempre poden atender ás súas propias familias. As coidadoras familiares tampouco poden desatender esa parte da vida, porque os coidados supoñen o sostemento da vida.

Mentres os centros de ensino e centros de atención a persoas con dependencias e outros servizos de atención están suspendidos ou reducidos hai moitas persoas, principalmente mulleres que non poden conciliar e teñen que optar por redes de apoio mutuo, por redes comunitarias que dan unha lección á administración cada día, como vén facendo sempre a sociedade civil.

Fan falta medidas de emerxencia para conciliación nestes tempos e unha fonda reflexión cara o futuro inmediato.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta na Deputación Permanente:

- Ten previsto a Xunta de Galicia promover algunha medida de emerxencia para facilitar a conciliación das persoas (especialmente familias monomarentais e monoparentais) que teñen ao seu cargo menores, maiores e outras persoas con dependencia ou casos positivos ou illados a causa da COVID-19 durante o período no que permanezan pechados os centros de ensino e os centros de atención a persoas dependentes?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Ánxeles Cuña Bóveda  
Carmen Santos Queiruga





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/04/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 63972  
Data envío: 24/04/2020 14:00:46.122

Luca Chao Pérez

Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

## Asinado dixitalmente por:

**Antón Sánchez García na data 24/04/2020 13:57:37**

**Carmen Santos Queiruga na data 24/04/2020 13:57:53**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/04/2020 13:58:12**

**Luca Chao Pérez na data 24/04/2020 13:58:34**

**Marcos Cal Ogando na data 24/04/2020 13:58:57**



## Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

**Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando e Luca Chao Pérez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na sesión da Deputación Permanente**.

A declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 supuxo a paralización da maior parte das actividades económicas.

Nuns casos, a paralización veu imposta directamente pola norma, en sectores coma o comercio minorista (con excepcións limitadas como a distribución de alimentos, produtos farmacéuticos, sanitarios, combustibles, etc), as actividades de ocio, o turismo, a hostalaría e a restauración. Noutros casos, a paralización resulta da imposibilidade de completar as cadeas de subministro, como consecuencia da interrupción das producións en terceiros países subministradores, ou das restricións impostas ao tráfico aéreo e, en xeral, ao transporte internacional; das dificultades para organizar a produción de xeito que se garanta a seguridade dos traballadores, ou simplemente da drástica caída da demanda motivada polo confinamento da poboación.

Ademais, no período comprendido entre o 30 de marzo e o 11 de abril, estendeuse a paralización obrigatoria das actividades produtivas a todas as actividades non consideradas esenciais. Rematado ese período, a actividade económica continúa, na maior parte dos casos, a ritmos moi inferiores aos habituais.

As medidas necesarias para conter a crise sanitaria traerán consecuencias económicas graves. Os organismos internacionais, e moitos estudosos e analistas



económicos, advirten de que a crise económica que seguirá á crise sanitaria será de orde mundial e de dimensións descoñecidas ate o momento nas principais economías occidentais, podendo chegar a duplicar a magnitude da recesión provocada pola crise financeira de 2008.

As primeiras estimacións do impacto económico global da crise do coronavirus, realizadas por organismos internacionais como o FMI, calculan que o impacto sobre a economía global podería acadar o 3% do PIB mundial. Para o caso español, o FMI estima que neste ano 2020 a economía española reducirá a súa produción agregada, o seu PIB, nun 8%.

As estimacións coñecidas ate o momento sobre o impacto económico do coronavirus na economía española móvense nun amplo intervalo, entre o 2% e mais do 9% do PIB, dependendo, fundamentalmente, do tempo que duren o confinamento da poboación e as restricións ás actividades económicas e á mobilidade internacional, e tamén do éxito das medidas adoptadas polos gobernos para facerlle fronte á crise.

No caso galego, o Foro Económico de Galicia estima que o impacto na nosa economía podería acadar o 7.4% do PIB galego, no suposto de que o confinamento remate logo da segunda semana do mes de maio, o que equivale a unha perda de produción de uns 4.600 millóns de €. A comezos do mes de abril eran xa preto de 30.000 os ERTes presentados en Galicia, afectando a máis de 156.000 traballadores e traballadoras.

A práctica totalidade dos sectores produtivos veranse afectados dun xeito ou doutro pola crise, principalmente pola caída da demanda, pero a natureza e a magnitude do impacto serán variables, dependendo do sector.

Os sectores do turismo, a hostalaría e a restauración, así como as actividades de ocio e o comercio minorista dos produtos non considerados esenciais serán, sen



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

dúbida, os mais afectados pola case total paralización e pola previsible prolongación temporal das medidas de distanciamento social e as restricións á mobilidade internacional pero, mais alá da duración do confinamento, a caída da demanda mundial terá consecuencias sobre todos os sectores.

Neste contexto, as actuacións dos Poderes Públicos en apoio da actividade económica revélanse máis importantes que nunca e determinarán, en boa medida, a profundidade da recesión económica e a súa prolongación no tempo. As medidas que deseñe o Goberno galego para tratar de conter a dimensión da crise debería ter en conta ese impacto diferencial, e deberían deseñarse de xeito específico para cada un dos sectores, tendo en conta a natureza e a gravidade do impacto en cada un deles.

Ademais, para conseguir que a súa efectividade sexa máxima, é imprescindible que as medidas que se deseñen sexan consensuadas cos axentes económicos e sociais, e artelladas nun plan integral de reactivación económica.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta na Deputación Permanente:

- Que medidas económicas ten impulsado, ou pensa impulsar, a Xunta de Galicia para paliar os efectos da crise sobre os sectores afectados e para a reactivación da economía galega?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Ánxeles Cuña Bóveda



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/04/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 63973  
Data envío: 24/04/2020 14:01:25.867

Carmen Santos Queiruga

Luca Chao Pérez

Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 24/04/2020 13:07:08**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/04/2020 13:07:56**

**Carmen Santos Queiruga na data 24/04/2020 13:08:28**

**Luca Chao Pérez na data 24/04/2020 13:08:50**

**Marcos Cal Ogando na data 24/04/2020 13:09:12**



## Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

**Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando e Luca Chao Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na sesión da Deputación Permanente.****

Garantir o dereito á vivenda debe ser unha das prioridades de todo goberno. Mais a crise do COVID-19 puxo en evidencia a vulnerabilidade social xerada por anos de políticas neoliberais, nas que a vivenda foi deixada en mans da especulación e do negocio. Cómpre que o Goberno galego rectifique as súas políticas, e comece a abordar as políticas de vivenda, como un dereito de toda a cidadanía. Esta será a única forma de resistir como sociedade as graves consecuencias económicas e sociais derivadas dun desafío da magnitude do que estamos a vivir. E tamén a única forma de garantir que non volvan ser as persoas máis vulnerables as que paguen o prezo desta crise.

Ante a situación de emerxencia social urxe, pois, que todas as administracións traballen co máximo rigor e a máxima celeridade. Para que todas as liñas de axuda, habilitadas para afrontar a grave situación actual, cheguen á cidadanía no tempo e na forma necesarios. Non hai cabida para o mínimo retraso nin para a mínima descoordinación.

Neste sentido a Xunta de Galicia debe exercer as súas competencias e garantir o dereito a vivenda mediante a mobilización de todos os recursos ao seu alcance, así



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

como os recursos que dende o Goberno do Estado se veñen habilitando para este fin.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta na Deputación Permanente:

-Que fixo a Xunta de Galicia para garantir o dereito á vivenda na situación de crise económica e social xerada a causa do COVID19?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Ánxeles Cuña Bóveda  
Carmen Santos Queiruga  
Luca Chao Pérez  
Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 24/04/2020 13:25:37**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/04/2020 13:26:01**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/04/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 63976**  
Data envío: 24/04/2020 14:02:54.368

**Carmen Santos Queiruga na data 24/04/2020 13:26:23**

**Luca Chao Pérez na data 24/04/2020 13:26:45**

**Marcos Cal Ogando na data 24/04/2020 13:27:07**

CSV: BOPGDSPGzaVYQUHJ8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Ademais da grave crise de saúde pública provocada pola COVID 19, a economía galega sofre en todos os sectores as consecuencias derivadas do confinamento e do parón da actividade. Aínda que a prioridade nestes momentos é facerlle fronte á emerxencia sanitaria para protexer e salvar vidas, cómpre tamén atender a reactivación de sectores económicos estratéxicos en canto a situación o permita.

Unha das leccións que nos deixa esta crise é a elevada dependencia que ten a economía galega do sector servizos e a necesidade de fortalecer o músculo industrial do país. No caso da área de Vigo isto pasa necesariamente por desenvolver e potenciar o sector naval, impulsando proxectos estratéxicos como os dos estaleiros Barreras e Vulcano que están nunha situación de grave dificultade, agravada no contexto da presente crise.

Por outra parte, se antes estaba xustificada a intervención pública para garantir a viabilidade destes proxectos, nas actuais circunstancias vai ser imprescindible facelo, co concurso da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. No caso do estaleiro Vulcano, está nestes momentos nun proceso de intervención xudicial e de liquidación. Trátase sen dúbida dunha situación de extrema dificultade, debido ás débedas contraídas pola empresa e tamén ás dificultades derivadas da situación de parte dos terreos, que teñen unha concesión de Portos do Estado que remata en 2027. Malia estas circunstancias, coñécese cando menos o interese dun grupo industrial da área de Vigo por facerse coas instalacións e relanzar a actividade.

Mais neste dificultoso camiño por recuperar o estaleiro Vulcano xorden atrancos e dificultades engadidas. A primeira ten que ver co desinterese institucional ao respecto, de maneira que semella asumirse como unha realidade inevitábel a desaparición da factoría. O maior atranco, derivado do anterior, é o interese por parte da Autoridade Portuaria de Vigo por facerse con parte dos terreos para destinalos a usos portuarios. Dase pois o paradoxo de que, existindo interese dun grupo industrial galego por mercar o estaleiro, son as institucións, a galega e a estatal, as que están poñendo proa a unha posíbel saída.

Para o BNG resulta extremadamente grave a actitude do sr. López Veiga, que leva meses poñendo paus nas rodas á continuidade da actividade de construción naval nas instalacións de Vulcano. Por unha parte aprobando en consello de administración un Plan do Porto que contempla a recuperación dos terreos e o seu uso para ampliar as instalacións portuarias, unha decisión apoiada polos representantes da Xunta de Galiza no consello de administración, do que forman parte o vicepresidente da Xunta, o señor Alfonso Rueda, e a delegada da Xunta en Vigo, a señora Corina Porro.

Ademais, a autoridade portuaria de Vigo, co apoio da avogacía do Estado, solicitou do xulgado a caducidade da concesión e a devolución dos terreos ao Porto, como consecuencia da desaparición da empresa concesionaria. Mais esta pretensión sufriu un duro revés primeiro coa sentenza do xulgado do mercantil número 3 de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pontevedra e recentemente coa sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra que desestima o recurso de reposición da Autoridade Portuaria e establece que a concesión administrativa ata 2027 debe contemplarse na liquidación e venda da empresa.

3. Chegados a este punto, cómpre que tanto a Xunta de Galiza como goberno central deixen de poñer atrancos e de darlle as costas a Vulcano. En lugar de axudar a afundir a factoría, teñen que ser aliados para reflotala e relanzala, con máis motivo nas actuais circunstancias socioeconómicas. E o primeiro sinal deste novo tempo de apoio á continuidade da actividade naval en Vulcano pasa polo cese fulminante do maior inimigo deste proxecto, o señor López Veiga.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Que xestións realizou o Goberno galego para apoiar a continuidade da actividade de construción naval en Vulcano e a ampliación da concesión máis alá de 2027?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/04/2020 14:53:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/04/2020 14:54:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/04/2020 14:54:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2020 14:54:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas de atención á violencia machista durante a crise da Covid-19 e a valoración de iniciativas a impulsar nos próximos meses.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sen dúbida, a violencia machista é xa unha pandemia no mundo, onde cada ano milleiros de mulleres sofren múltiples formas de violencia machista. A irrupción da Covid-19 e a posta e marcha de medidas de restrición de movementos e confinamento nos fogares supón unha nova realidade na que a atención e protección fronte á violencia machista atopa enormes dificultades e na que a vulnerabilidade das potenciais vítimas incrementa exponencialmente.

Esta situación foi obxecto de atención de múltiples entidades e organismos que traballan contra a violencia de xénero. Por exemplo, a nivel internacional a ONU sinalaba esta situación como de risco extremo, de forma semellante ao que acontece nos períodos de vacacións. Así mesmo, organismos de ámbito estatal como o Consello Xeral do Poder Xudicial abundaban nesta cuestión e sinalaban tamén as posibilidades dun “rebrote” a futuro unha vez superado o confinamento nos fogares. Tamén as organizacións e colectivos feministas do noso país sinalaban esta cuestión e alertaban das dificultades de poder atender as situacións de violencia e da necesidade de que a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

veciñanza se comprometera con que isto é un problema social grave diante do que actuar se existe a máis mínima sospeita.

Mostra desta preocupante situación, podemos sinalar o aumento de chamadas que está tendo o 016 a nivel de Estado (o 1 de abril informaban dun aumento de arredor do 18%) e tamén a nivel galego o Teléfono da Muller da Xunta (informábase tamén a comezos de abril de que tivo un 19% máis de chamadas). Tamén a comezos de abril a subdelegación do goberno informou de 79 novos casos en seguimento rexistrados no Viogén.

O 20 de marzo a Xunta de Galiza informaba publicamente da posta en marcha un Plan de Reforzo para garantir a seguridade das vítimas da violencia de xénero durante a vixencia de estado de alarma polo coronavirus garantindo a permanencia de diversos recursos como o acollemento, o asesoramento xudicial ou os teléfonos de asistencia. Nunha liña semellante publicábase no BOE o Real Decreto-lei 12/2020, de 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia que incluía mecanismos para facilitar a xestión dos fondos do Pacto de Estado.

Se a prevención e atención á violencia machista é unha tarefa complexa, nesta crise aínda máis, polo que cómpre estar vixiantes sobre a evolución e facer tamén unha planificación de cara ao futuro e ás posíbeis necesidades que poden desencadearse após o confinamento.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación da violencia machista durante a crise da Covid-19?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Cales son os datos, en comparación co mesmo período do ano anterior e co período inmediatamente anterior, do número de chamadas recibidas por parte da Xunta de Galiza? E do número de consultas para atención xudicial?

-Como valora a Xunta de Galiza o seu papel de colaboración cos concellos para tal efecto? Que valoración fai da adaptación dos CIM ás circunstancias de restrición de movementos e atención presencial?

-Garantiu a Xunta de Galiza que a xestión de solicitudes de recursos como axudas periódicas ou do alugueiro puideron sortear as dificultades derivadas da fenda dixital e das dificultades da administración electrónica? De que forma?

-Cal foi a evolución da necesidade de uso de recursos de acollemento? Tivo que empregar neste período recursos extraordinarios habilitados como, por exemplo, os disponibilizados respecto de aloxamentos turísticos?

- Considera o goberno galego que os seus recursos dixitais (web, redes sociais) son suficientes e foron adecuados para este período?

- Prevé a Xunta, como alertan diversos organismos, dun posíbel rebrote de denuncias e saídas do domicilio unha vez remate ou se flexibilice o confinamento? Que reforzo nos recursos vai aplicar?

- Prevé a Xunta de Galiza un reforzo dos mecanismos de atención psicolóxica para tratar as consecuencias do confinamento de vítimas cos seus maltratadores?

- Que valoración fixo a Xunta de Galiza do Real Decreto-lei 12/2020, de 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Foi consultada a Xunta de Galiza desde o ámbito do Estado para algunha das medidas? Tivo a Xunta de Galiza algunha interferencia derivada da limitación do autogoberno aplicada no Estado de Alarma?

- Ten previsto a Xunta de Galiza mecanismos de reforzo dos recursos asistenciais para o período post-confinamento? De que tipo?

- Ten previsto a Xunta de Galiza mecanismos de reforzo do ámbito xudicial para o período post-confinamento? De que tipo? Vai demandar algunha cuestión a este respecto por parte do goberno central?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2020 10:42:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2020 10:42:54**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2020 10:43:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2020 10:43:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do pequeno comercio atravesaba en Galiza xa unha profunda crise con causas fondas como a ausencia dun sistema financeiro propio, as consecuencias da crise do 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que nestes 11 anos de goberno de Núñez Feijóo tamén asumiu en silencio a vulneración de competencias propias por parte do goberno central.

Con esta situación previa, o impacto da crise da covid-19 e as semanas de obrigado peche son un golpe de leme que afecta de forma drástica o noso país e que pon en xaque o seu futuro nun contexto no que se prevén meses nos que o consumo por parte das e dos usuarios será tamén moderado pola constrición económica e a perda de postos de traballo.

Ao mesmo tempo, esta crise supuxo tamén na cidadanía unha importante reflexión colectiva arredor da importancia do próximo, e do papel das e dos pequenos comerciantes. Este aumento da conciencia social sobre a inviabilidade dun modelo





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

económico que prima as grandes firmas debe ser recollido por parte das administracións.

Neste sentido, é fundamental actuar no inmediato e no medio prazo para garantir non só a máxima supervivencia posíbel do noso tecido do pequeno e mediano comercio senón tamén a aposta por un cambio de modelo onde este sexa central.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que medidas de apoio promoveu e vai promover a Xunta de Galiza para garantir a supervivencia do tecido galego do pequeno e mediano comercio ao tempo que impulsa un cambio de modelo?
- Que medidas prevé a Xunta de Galiza de ámbito económico a través de axudas directas?
- E para garantir o acceso ao crédito?
- É consciente a Xunta de que a liberalización de horarios e descontos beneficia ás grandes multinacionais pero dilapida o comercio local?
- Vai defender a Xunta de Galiza o adiamento do período de rebaixas?
- Vai defender a Xunta de Galiza a fin de políticas de oferta abusivas?
- Que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir unha nova regulación de horarios que promova unha distribución racional dos tempos e a competitividade do pequeno comercio?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Vai aprobar a Xunta de Galiza unha moratoria para impedir a implantación de novas grandes superficies comerciais?

- Vai impulsar a Xunta de Galiza nos vindeiros orzamentos un imposto ás grandes superficies comerciais e reverter o recadado no comercio pequeno e de proximidade, toda vez a lexislación europea xa abala a súa existencia?

- Que recursos vai poñer a Xunta a favor do pequeno e mediano comercio para avanzar na dixitalización? Estuda apoiar o desenvolvemento dalgún tipo de plataforma e rede loxística?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2020 10:54:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2020 10:55:06**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2020 10:55:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2020 10:55:21**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade galega enfróntase a unha pandemia que ten consecuencias devastadoras na saúde pública, na vida social e no tecido económico. Un desafío desta natureza require dunha actuación pública coordinada, áxil e eficaz, baseada na lealdade, na cooperación, no diálogo e na corresponsabilidade.

Máis alá das medidas urxentes e de choque necesarias para dar resposta a unha crise desta natureza, que avaliamos como lentas, insuficientes e tardías, desde o BNG consideramos necesario articular unha resposta de país, pública, integral e participada na que teñan voz todos os axentes institucionais e todos os sectores sociais e económicos.

Trátase pois de crear, a maior brevidade posíbel, un foro de análise, debate e formulación de propostas para, por unha parte, facer fronte de xeito inmediato á emerxencia social e económica producida pola crise do COVID 19 e, por outra, deseñar un conxunto de medidas a medio e longo prazo para a recuperación da actividade económica, o fortalecemento do tecido produtivo e de emprego, a corrección das desigualdades e a garantía dos dereitos sociais, laborais e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

democráticos. Trátase en definitiva de procurar unha saída xusta a esta crise, para que non a volvan pagar os mesmos sectores que xa pagaron, coa perda de rendas e dereitos, a anterior crise económica.

E máis alá deste contexto, a crise tamén debe ser unha oportunidade para unha profunda reformulación do sistema social e económico dominante, procurando o desenvolvemento do potencial dos nosos sectores produtivos, incentivando as relacións sociais e económicas de proximidade, e corrixindo os desequilibrios que nos fan máis vulnerábeis.

Unha situación desta natureza excepcional demanda unha resposta tamén excepcional, que estea á altura deste momento histórico e que vaia máis alá de intereses particulares e partidistas. Unha resposta baseada no diálogo e na interlocución social e que conte coa participación de todos os sectores institucionais, económicos e sociais. E que ademais teña en conta as especificidades do noso país en canto ao tecido produtivo e de emprego, demografía, poboación activa, precariedade e temporalidade laboral, sectores produtivos, servizos públicos, risco de exclusión social, etc.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que tipo de interlocución levou a cabo o goberno galego desde o inicio da crise da COVID 19 coas organizacións representativas dos sectores económicos, sindicais, sociais e do ámbito da saúde?
2. Que papel está a xogar o Consello Económico e Social a este respecto?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3. Ten previsto a Xunta de Galiza crear unha Mesa galega de axentes políticos, institucionais, económicos e sociais para facer fronte á crise da COVID 19?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2020 11:37:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2020 11:40:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2020 11:40:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2020 11:40:17**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da Covid-19 golpea de forma especial o colectivo de autónomos e autónomas, que no noso país está composto arredor de 210.000 persoas. Desde o primeiro momento, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego mantivo encontros con autónomos e autónomas así como con organizacións que as e os aglutinan como é o caso da Asociación de autónomos e pequenas empresas e coa Asociación de traballadores autónomos para recabar as súas inxerencias.

Durante esta crise, nin o goberno central nin a Xunta de Galiza están a actuar de forma decidida neste ámbito, e cómpre un maior esforzo das administracións públicas para desenvolver un verdadeiro plan de choque diante da situación de emerxencia que atravesan quen constitúen un pilar da nosa economía.

Non se entende que, a estas alturas, desde o goberno central siga sen asumirse que a ingresos cero o lóxico é impostos cero. Tampouco, que desde a Xunta de Galiza non se adopte ningún tipo de axuda directa como as que si están impulsando outros territorios como Catalunya, Cantabria ou mesmo Madrid, gobernados por diferentes forzas políticas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Neste sentido, o BNG entende que é hora de sumar esforzos para adoptar a reclamación de medidas urxentes, desde demandar a eliminación da cota de autónomos durante un período inicial de 3 meses a impulsar unha axuda directa de 2.000 € por parte do Executivo galego para os casos nos que as persoas autónomas se viran obrigadas a pechar ou reduciaran de xeito importante os seus ingresos, axudas que deben ser compatibles coas do Estado.

Igualmente, é necesario abordar outros retos como eliminar o pago do alugueiro ou das cotas da hipoteca durante o período non traballado e aplicar unha quita do 50% nos tres meses seguintes á reapertura da actividade e tamén reducir burocracia para axilizar a tramitación de axudas e liñas de crédito aprobadas e garantir medidas de liquidez que sorteen a gran deficiencia que ten este país ao non contar cun sistema financeiro propio nin con instrumentos adecuados ao abeiro da administración galega.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Valora o goberno galego medidas de urxencia como axudas directas de 2.000 euros para autónomos e autónomas que sexan compatíbeis coas do Estado?

-Considera a Xunta de Galiza necesario demandar do goberno central a eliminación da cota de autónomos durante un período inicial de 3 meses? Impulsou algunha acción neste sentido?

-Considera a Xunta de Galiza necesario impulsar a moratoria ou exención do pagamento de alugueiro en locais comerciais pertencentes a autónomas e autónomos mentres estean pechados e non haxa ingresos, e establecer medidas de apoio escalonado até a súa recuperación?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Vai demandar a Xunta de Galiza a moratoria ou exención no pagamento de hipotecas en locais comerciais pertencentes a autónomas e autónomos mentres estean pechados e non haxa ingresos, até a súa recuperación?

-Ten previsto o goberno galego demandar que as e os autónomos colaboradores poidan percibir tamén as medidas de apoio e axuda do goberno central e garantir o seu acceso ás que estableceza a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/04/2020 13:20:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/04/2020 13:20:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2020 13:21:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 21/04/2020 13:21:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Deputación Permanente

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo e Olalla Rodil Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a declaración do estado de alarma, unha das preocupacións maiores ademais da sanitaria é a de asegurar o abastecemento de alimentos da poboación minimizando os riscos de contaxio e garantindo este abastecemento o tempo que dure esta situación excepcional, así como despois da mesma.

A rápida prohibición de celebración de feiras e mercados locais e o feito de facer recaer todo o peso do abastecemento de alimentos e produtos básicos nas cadeas de alimentación e supermercados desata inmediatamente a polémica.

O goberno en funcións da Xunta de Galiza, de man do PP opta por continuar na liña política de favorecer as grandes distribuidoras de alimentos e rematar cos espazos abertos e a relación de confianza produtor consumidor.

O sector de venta directa e os asiduos ós mercados locais vense prexudicados e non atinan comprender por que non se establecen protocolos de seguridade para que estes mercados non so teñan continuidade senón que se incentiven coma espazos máis seguros e máis garantistas de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por que ás áreas comerciais e ós super e hipermercados non se lles aplica a mesma lóxica que se utilizou para o peche dos mercados locais? Hai que saír á rúa para ir e volver, dentro xúntase a xente en pequenos espazos. Esta medida non ten xeito en materia sanitaria. O manufacturado en plástico e bandexas de porispán non aseguran máis hixiene nin maior seguridade sanitaria. En cambio si recoñecen aptitude da mercancía dos produtores de venda directa telefónica, *on line* e no propio mercaproximidade. Por que logo nos mercados locais non?

O peche unilateral destes mercados sen consultar co sector e sen habilitar medidas compensatorias para as persoas afectadas que garantan a súa subsistencia polo cese da actividade, é dunha irresponsabilidade manifesta.

A compravenda de alimentos está protexida dentro da actual situación de emerxencia sanitaria, permitíndose os desprazamentos a centros comerciais para a súa adquisición, mesmo con total liberdade horaria, tal e como reflexa o artigo 7 do Real Decreto 463/2020. Se ben é certo que se recomenda non celebrar actividades ó aire libre, entre as que se incluíron as feiras e os mercados, a recomendación específica que vai dirixida a aqueles eventos que supoñan concentracións de máis de 1.000 persoas, polo que os mercados de proximidade que se celebran periodicamente en Galicia non entrarían neste suposto, non sendo incluídos tampouco estes espazos na relación de equipamentos e actividades con apertura ó público que quedan suspendidos segundo o disposto no artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Trátase logo dunha covardía máis ou da xa crónica falla de compromiso para co rural ou, é unha operación de maior calado do PP a favor das grandes distribuidoras alimentarias?

Noutras comunidades autónomas continúan a celebrarse con rixidas normas de seguranza e cos controis necesarios. Aquí non. O único que se lle ocorre á Consellería





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de Medio Rural é ...facer que fai... tomando unha medida propagandística que bautiza coma MERCAPROXIMIDADE e así en vez de elaborar un protocolo que regule as diferentes facetas destes mercados locais imprescindibles para a continuidade da actividade agrogandeira, toma contacto coas distribuidoras, (tentando rematar co que proclama defender), para incorporar ós pequenos produtores ó mercado lineal. O coroa virus serve así de pretexto para conseguir ese fin: que a única venda posible sexa por medio de grandes distribuidoras e que o resto sexa residual.

O mercado local proporciona non so alimentos de calidade e confianza, senón tamén a planta necesaria para asegurar o abastecemento futuro da poboación tanto en modalidade autoconsumo coma de venda. E de todos/as é sabido que os labores do campo ou se fan no seu tempo ou é tempo e colleitas perdidas, e sen mercado que proporcione a planta de temporada este dito pode ser unha realidade que manque o abastecemento no verán.

Polo que se ve, o goberno do PP non quer aprender dos erros cometidos. As máscaras, produto imprescindible no combate á pandemia son fabricadas a millares de quilómetros, outro tanto acontece cos insumos básicos para manter a alimentación do noso gando de leite e carne nas modalidades de vacún, porcino, avícola... en intensivo e tal acontece tamén coa alimentación humana.

O proceso debería ser inverso. É este o momento de iniciar campañas de apoio a este comercio de proximidade e unha aposta clara pola extensión da actividade agrogandeira que nos encamiñe ó logro dun auto abastecemento básico de alimentos e produtos de primeira necesidade para a poboación galega. A tan de moda agora que se lle ven os dentes ó lobo, soberanía alimentaria. Por maior calidade nos alimentos, por maior seguridade sanitaria, por desenvolvemento económico, por fixación de poboación no rural... por xestión do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta crise debería servírnos para recuperar o prestixio que tiña este tipo de actividade mercantil da horta á mesa, o protagonismo do campo propio, na conformación dunha sociedade moderna. Non será por falta de coñecementos, nin de xente disposta, nin por escaseza de terra ou climas adversos... De todo isto temos en abundancia, soamente nos falta intencionalidade política a favor do pobo galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-- Cal é a razón pola que o Goberno galego opta por suprimir os mercados locais argumentando falta de seguridade na crise sanitaria do coroa virus e declara esenciais os puntos de venda de alimentos ós supermercados e cadeas alimentarias?

-- Ten pensado o Goberno galego algún tipo de medidas que corrixa o abandono dos sectores produtivos que conforman o comercio de proximidade de alimentos e produtos básicos?

-- Que medidas pensa tomar para potenciar o auto abastecemento de alimentos de cara a conseguir nun futuro próximo unha soberanía alimentaria que se mostrou estratéxica en crises coma a do coroa virus?

-- Cando pensa dar os pasos necesarios para ordenar ós concellos a apertura dos mercados de proximidade que garantan á cidadanía o acceso a bens esenciais?

-- Que medidas económicas compensatorias pensa tomar para paliar as perdas causadas ó adoptar o peche dos mercados agroalimentarios de proximidade?

-- Como explica que Mercaproximidade se resuma en facilitar o contacto entre as grandes distribuidoras e os pequenos produtores favorecendo ós primeiros e







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

condenando ós segundos a un proceso de industrialización contra do que loitan desde  
hai tempo?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2020 12:53:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2020 12:53:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2020 12:53:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2020 12:54:06**



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

En Galicia, cun escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Canto máis na actualidade, fronte a crise sanitaria e social máis grave da nosa historia democrática, que afecta de maneira especial aos nosos maiores, cun dos epicentros da pandemia do COVID-19 situado nas residencias de maiores. Nestes momentos máis que nunca, unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

Mais a realidade é que esta crise afondou aínda máis nas consecuencias xeradas polas problemáticas habituais destes centros, dos que xa advertiu o propio Consello de Contas no seu informe publicado no ano 2017 sobre “*Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes*”, xeradas polo modelo de atención directa aos nosos maiores promocionado dende a chegada á Xunta de Galicia do señor Feijoo: privatización, escaseza de persoal, e falla de control no funcionamento dos centros privados.

Na grave situación que estamos vivindo, que é especialmente dramática entre os nosos maiores, os centros residenciais partían dunha situación de vulnerabilidade: pola falla de prazas, polas graves deficiencias na xestión dos mesmos en especial daqueles cuxa xestión está privatizada (referidos a incumprimentos en materia de persoal, uso inadecuado das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento, falla de rigor dos rexistros...), a pesares de que estes son factores que repercuten na calidade no servizo que se presta aos residentes.

Durante esta lexislatura, dende o PSdeG solicitamos en numerosas ocasións a necesidade de incrementar de maneira urxente o número de prazas en residencias de maiores de xestión pública, que se abandonara a complicidade cos centros privados que non cumpren as normas, así como dotar aos centros públicos de recursos humanos e materiais suficientes para ofrecer unha atención de calidade aos nosos maiores.



A pandemia profundou aínda máis nestas deficiencias, o que engadido ao escurantismo do goberno galego a respecto da información sobre a situación na que se atopan estes centros, a falla de medidas preventivas para as profesionais e os usuarios e usuarias, de realización de test, e dos controis exhaustivos en centros privados, levou a moitas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma a unha situación sanitaria de enorme gravidade.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai a Xunta de Galicia a respecto da súa xestión da pandemia do COVID-19 nas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/04/2020 19:41:19**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/04/2020 19:41:31**



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

En Galicia, cun escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Canto máis na actualidade, fronte a crise sanitaria e social máis grave da nosa historia democrática, que afecta de maneira especial aos nosos maiores, cun dos epicentros da pandemia do COVID-19 situado nas residencias de maiores. Nestes momentos máis que nunca, unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

Mais a realidade é que esta crise afondou aínda máis nas consecuencias xeradas polas problemáticas habituais destes centros, dos que xa advertiu o propio Consello de Contas no seu informe publicado no ano 2017 sobre “*Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes*”, xeradas polo modelo de atención directa aos nosos maiores promocionado dende a chegada á Xunta de Galicia do señor Feijoo: privatización, escaseza de persoal, e falla de control no funcionamento dos centros privados.

Na grave situación que estamos vivindo, que é especialmente dramática entre os nosos maiores, os centros residenciais partían polo tanto dunha situación de vulnerabilidade: pola falla de prazas, polas graves deficiencias na xestión dos mesmos en especial daqueles cuxa xestión está privatizada (referidos a incumprimentos en materia de persoal, uso inadecuado das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento, falla de rigor dos rexistros...), a pesares de que estes son factores que repercuten na calidade no servizo que se presta aos residentes.

Dito informe alertaba no ano 2017 do descenso no orzamento da Xunta de Galicia, a respecto do ano 2010, dun 7,1 % en persoal, de que non se cobren as baixas, nin vacacións, incumprindo a ratio legalmente establecida, e que a pesares de manterse constante o número de prazas públicas, diminuíu en 2 millóns de euros os investimentos en centros públicos a respecto do ano 2010.



A pandemia profundou aínda máis nestas deficiencias, o que engadido ao escurantismo do goberno galego a respecto da información sobre a situación na que se atopan estes centros, a falla de medidas preventivas para as profesionais e os usuarios e usuarias, de realización de test, e dos controis exhaustivos en centros privados, levou a moitas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma a unha situación sanitaria de enorme gravidade.

Durante esta lexislatura, dende o PSdeG solicitamos en numerosas ocasións a necesidade de incrementar de maneira urxente o número de prazas en residencias de maiores de xestión pública, que se abandonara a complicidade cos centros privados que incumpren as normas, así como dotar aos centros públicos de recursos humanos e materiais suficientes para ofrecer unha atención de calidade aos nosos maiores.

Os e as socialistas tamén denunciámos de maneira reiterada as precarias condicións laborais das profesionais que desenrolan a súa labor nas residencias de maiores, e valoramos o seu esforzo e dedicación, pero ante a grave situación que estamos vivindo, queremos agradecer aínda con máis énfase o seu importante traballo nestes difíciles días.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas adoptou a Xunta de Galicia en materia de persoal, ante a pandemia do COVID-19, nas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/04/2020 19:43:06**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/04/2020 19:43:19**



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Ao igual que o levan facendo dende hai xa 100 venres negros os e as profesionais dos medios de comunicación públicos galegos, os grupos da oposición, e en concreto o PSdeG, denunciámos nestes últimos anos que a CRTVG está a vivir un preocupante deterioro, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, consecuencia da manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais, que se emiten ao longo do día.

Se de maneira xeral consideramos que a radiotelevisión pública galega, é vital para o mantemento do espazo público democrático, e o reforzamento da identidade do pobo galego; cremos que na situación de alarma sanitaria máis grave da historia democrática do noso país na que nos atopamos, é máis necesario ca nunca que a CRTVG cumpra coa misión de servizo público garantindo unha información de proximidade que respecte os principios de pluralidade, imparcialidade, neutralidade e veracidade informativa. Mais a realidade é que dende que comezou o estado de alarma, a manipulación informativa e o control político dos medios de comunicación públicos galegos intensificouse ata niveis escandalosos, cun acaparamento dos telexornais por parte do señor Feijoo mentres se silencian as declaracións dos partidos da oposición e os debates que teñen lugar na Deputación Permanente do Parlamento de Galicia.

Ante esta situación, todos os grupos parlamentarios da oposición asinaban un comunicado que fixeron público o pasado 3 abril no que amosaban “o seu firme desacordo coa situación orixinada”, e “solicitaban á Dirección da CRTVG que actúe con responsabilidade de país, tendo en conta que se debe ao pobo galego e non a intereses partidistas do PP”, e no que manifestaban tamén “o seu apoio a todos os traballadores e traballadoras da corporación de medios públicos galegos, que tentan facer o seu labor con profesionalidade e rigor”.





Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das denuncias sobre manipulación informativa na CRTVG durante a pandemia do COVID-19?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2020

Asdo: Noela Blanco Rodríguez  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/04/2020 19:43:42**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/04/2020 19:46:03**





## Á Mesa da Deputación Permanente

**Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

En Galicia, cun escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Canto máis na actualidade, fronte a crise sanitaria e social máis grave da nosa historia democrática, que afecta de maneira especial aos nosos maiores, cun dos epicentros da pandemia do COVID-19 situado nas residencias de maiores. Nestes momentos máis que nunca, unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

Mais a realidade é que esta crise afondou aínda máis nas consecuencias xeradas polas problemáticas habituais destes centros, dos que xa advertiu o propio Consello de Contas no seu informe publicado no ano 2017 sobre “*Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes*”, xeradas polo modelo de atención directa aos nosos maiores promocionado dende a chegada á Xunta de Galicia do señor Feijoo: privatización, escaseza de persoal, e falla de control no funcionamento dos centros privados.

Tal e como indica o propio informe, a pesares de que se incrementou o número de prazas privadas, o número de efectivos da inspección non aumentou, e os centros privados campan as súas anchas na nosa comunidade autónoma coa complicidade do goberno galego; e mesmo constata que nos casos nos que se detectaron irregularidades nestes centros, e despois de comunicalo, as deficiencias non se subsanaron, e a administración pública non impuxo ningunha sanción.

Na grave situación que estamos vivindo, que é especialmente dramática entre os nosos maiores, os centros residenciais partían dunha situación de vulnerabilidade: pola falla de prazas, polas graves deficiencias na xestión dos mesmos en especial daqueles cuxa xestión está privatizada (referidos a incumprimentos en materia de persoal, uso inadecuado das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento, falla de rigor dos rexistros...), a pesares de que estes son factores que repercuten na calidade no servizo que se presta aos residentes.



Durante esta lexislatura, dende o PSdeG solicitamos en numerosas ocasións a necesidade de incrementar de maneira urxente o número de prazas en residencias de maiores de xestión pública, que se abandonara a complicidade cos centros privados que non cumpren as normas, así como dotar aos centros públicos de recursos humanos e materiais suficientes para ofrecer unha atención de calidade aos nosos maiores.

A pandemia profundou aínda máis nestas deficiencias, o que engadido ao escurantismo do Goberno galego a respecto da información sobre a situación na que se atopan estes centros, a falla de medidas preventivas para as profesionais e os usuarios e usuarias, de realización de test, e dos controis exhaustivos en centros privados, levou a moitas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma a unha situación sanitaria de enorme gravidade.

Dende o inicio da actual situación de emerxencia sanitaria, a Fiscalía Xeral do Estado, realizou un seguimento permanente da situación das persoas da terceira idade e/ou persoas con discapacidade, e particularmente, de quen vive en centros e residencias de maiores. Para informar desta actividade, a Fiscalía emite comunicados semanais. O 21 de abril informaba en relación á situación das residencias de maiores afectadas polo COVID-19, onde se indicaba que as dilixencias civís abertas en Galicia ascendían a 11, no referente ás dilixencias de investigación penal a distribución territorial é, segundo a Fiscalía, a seguinte: Galicia 1 (Fiscalía Comunidade), 1 (Lugo), 2 (Ourense) e 1 (Pontevedra).

Estas dilixencias, abertas nas Fiscalías Provinciais e as Fiscalías das Comunidades Autónomas, teñen diversos obxectos; dun lado, recompilar datos acerca da situación nas que se atopan as residencias e as persoas aloxadas nelas, ademais de manter o seguimento da súa evolución; doutro, resolver problemas puntuais que requiran a intervención ou impulso propios do labor protector do Ministerio Fiscal neste ámbito. Tamén no marco formal das dilixencias civís, os fiscais deron resposta ás solicitudes cursadas polos responsables e traballadores e traballadoras dos establecementos, familiares de residentes, e outros cidadáns e cidadás que interesaron o auxilio do Ministerio Fiscal.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que conclusións extraeu a Xunta de Galicia ao analizar o resultado das inspeccións realizadas dende o comezo da crise do coronavirus, nas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/04/2020 11:26:14**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2020 11:26:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O turismo ten unha importancia vital para Galicia xa que representa o 10,4 % do PIB e o 11 % do emprego, con preto de 124.000 persoas dedicadas a actividades turísticas.

Pero tamén é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria que estamos a vivir, tanto polo cese de toda actividade turística como pola desaparición obrigada nestes momentos dos peregrinos.

Consideramos que é vital que a Xunta analice e coñeza en profundidade a evolución que pode ter este sector ao longo do ano, tanto nas perdas económicas, como no número de turistas e peregrinos e as súas necesidades para poñer en marcha un plan de revitalización e minimización dos problemas da actividade turística.

O Clúster de Turismo de Galicia, acaba de afirmar nos medios de comunicación que as perdas económicas poden chegar a case 2.500 millóns de euros e a unha contracción do 50 % do número de turistas e peregrinos. O sector xa perdeu a tempada de Semana Santa e a súa evolución pode ser mais ou menos negativa dependendo da crise do Covid-19.

Dunha maneira ou de outra, son cifras moi preocupantes que xa tiñan que estar alertando ao goberno da Xunta de Galicia que debe buscar solucións que axuden ao sector turístico.



Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2020 contemplan un crecemento dos fondos destinados ao turismo, chegando a case 80 millóns de euros e o conselleiro de Cultura e Turismo afirmou que neste ano 2020 invertería 82 millóns en accións do Xacobeo.

Parécenos fundamental que estes orzamentos se reorganicen para axudar ao sector turístico e tomar as medidas máis adecuadas para esta nove situación.

O Goberno de España, a través da ministra Montero, xa anunciou que poñería en marcha un plan de revitalización do sector turístico que incluírá plans de financiación específicos, pero independentemente destas accións, e tendo en conta as competencias no sector turístico que ten a nosa Comunidade Autónoma, cremos que o goberno da Xunta de Galicia ten que poñer en marcha accións específicas que respondan as necesidades propias de noso modelo turístico, que depende máis da demanda interna que da estranxeira e dos movementos dos peregrinos, por exemplo. Accións que deben coordinarse cas restantes institución como concellos e deputacións e adoptarse de acordo cos representantes do sector

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que accións pensa poñer en marcha o goberno da Xunta de Galicia para revitalizar o sector turístico?
- 2.<sup>a</sup>) Vai reorganizar o orzamento destinado a turismo e ao Xacobeo? Baixo que premisas?
- 3.<sup>a</sup>) Cales cree o conselleiro de Cultura e Turismo que son as medidas máis urxentes para poñer en marcha co fin de minimizar os problemas do sector turístico?
- 4.<sup>a</sup>) Cales son os cambio que considera que se deben facer no proxecto do Xacobeo para que este sirva de impulso aos sectores turístico e cultural?



5.<sup>a</sup>) Pensa consensuar a súa política turística e as decisións que se tomen sobre o Xacobeo con os concellos, deputacións e os representantes do sector?

6.<sup>a</sup>) Que fixo ata de agora a consellería de Cultura e Turismo sobre a situación que ten o sector turístico en Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 23/04/2020 11:11:23**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2020 11:11:57**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Fai uns días o conselleiro de Cultura e Turismo anunciou a creación dun grupo multidisciplinar de expertos para adaptar a celebración do Xacobeo 2021 a saída da crise sanitaria actual. O obxectivo segundo o conselleiro é crear unha folla de ruta que permita reorientar o Xacobeo para convertelo nun motor de reactivación económica tras á crise sanitaria, que favoreza a dinamización das zonas rurais e potencie a recuperación do sector turístico.

1ª) Cal é a relación exhaustiva e individualizada dos integrantes deste grupo multidisciplinar que di o conselleiro que xa foi creado?

2.ª) Cantas veces foi reunido este grupo multidisciplinar?

3.ª) Cal é o protocolo de traballo deste grupo?

4.ª) Cando considera o sr. Conselleiro de Cultura e Turismo que haberá un informe cas conclusións e recomendacións deste grupo?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 23/04/2020 11:08:03**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2020 11:08:43**





## Á Mesa da Deputación Permanente

**Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

A actual situación de emerxencia sanitaria debida á crise producida pola chegada a Galicia do coronavirus xera a necesidade dunha resposta extraordinaria dende o sistema sanitario público galego. O escenario estrutural previo, condicionado polos recortes sufridos durante os 11 anos dos gobernos de Núñez Feijoo nos que o sistema perdeu capacidade asistencial ao non redimensionarse na medida das necesidades, xera unha necesidade especial, de maneira concreta no que ten que ver co persoal sanitario que é o principal damnificado polas decisións de xestión en sanidade da Xunta de Galicia.

O escenario galego evidencia déficits numéricos na dotación de persoal no Sergas. Así, a taxa de enfermería por paciente en Galicia sitúase por debaixo de 3,5 profesionais por cada 1.000 habitantes, mentres que no conxunto de España este indicador se eleva por riba do 5 por cada 1.000. Galicia ten unha das peores ratios de médicos colexiados por habitante de todas as comunidades autónomas, como evidenciou nos seus recentes estudos o Consejo General de Colegios Médicos de España (448 por 100.000 pacientes en 2017 fronte á media española de 478, sendo unha das 3 peores CCAA). A estes datos súmase a comparativa en sectores especialmente danados polas políticas de recortes, como a atención primaria, onde a comparativa de orzamentos oficiais da Xunta de Galicia amosa que en 2009 existían 1162 profesionais menos na atención primaria pública de Galicia que no ano 2020.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Aumentouse o volume de persoal no sistema público de saúde de Galicia durante a crise do coronavirus?
2. En que medida foi incrementado o persoal do sistema público de saúde de Galicia nestas semanas? Cal foi a distribución dos incrementos por áreas sanitarias, servizos e categorías profesionais?
3. Que duración media teñen os contratos plantexados ao persoal que se incorporou ao sistema público de saúde?





4. Existen profesionais contratados de maneira excepcional para esta crise que asinaran máis de un contrato durante estas semanas? Cantos profesionais se atopan nesta situación de ter asinado máis dun contrato e cantos contratos?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 23/04/2020 13:11:03**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2020 13:11:18**



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

O persoal do sistema sanitario público de Galicia vén sufrindo nos últimos anos unha política cicatera, de contratos eventuais e inestables, que vén sendo denunciada por diversos colectivos. De maneira especial, os/as profesionais de enfermería son tremendamente afectados por esta eventualidade sufrida no Sergas, dado que a Xunta de Galicia aplica sobre este colectivo profesional a maior inestabilidade.

Aínda que o Sergas non ofrece formalmente datos sobre o volume nin o tipo de contratación, e con isto impídese coñecer realmente un dato exacto por vía oficial, a combinación de informacións coñecidas e estudos realizados por organizacións e colectivos alleos á Xunta de Galicia (colectivos profesionais, sindicatos...) estiman que a eventualidade afecta a 1 de cada 3 profesionais de enfermería.

Durante as semanas de crise provocada pola pandemia do coronavirus, coñecéronse situacións que redundan neste escenario. Na primeira semana de abril coñeceuse que o Sergas estaban evitando renovar contratos a enfermeiros/as que viñan estando contaxiados por COVID, debido o seu labor deses propios días. Esta non renovación, por causa dunha incapacidade temporal, de dubidosa legalidade, supón ademais un plantexamento insolidario e ineficiente co propio sistema. Poucos días despois, no ecuador do mes de abril, enfermeiros/as que atendían pacientes contaxiados por COVID no CHUS de Santiago de Compostela, tras asinar contratos para prorrogar ata final de mes, foron advertidos a última hora do día 15 de que non se incorporaran ao día seguinte porque xa non eran necesarios por baixada de demanda asistencial. As prórrogas “desapareceron” do sistema informático e non foron facilitadas explicacións directas. Ambos casos, cando foron publicitados e coñecidos publicamente, supuxeron a reacción do Sergas que os tildou de “erros administrativos” ou “malentendidos”, nas dúas ocasións, e anunciou a súa reparación.

En recentes días foi coñecido tamén o caso dun enfermeiro en A Coruña que se asimila ao primeiro caso descrito anteriormente, onde o Sergas incumpre a



normativa que dixo aplicar e reincide, por segunda vez, no que afirmou ser un erro.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que erros foron os que provocaron os repetidos casos de exclusión laboral do Sergas a enfermeiros/enfermeiras durante a crise sanitaria destas últimas semanas?
2. Como explica a Xunta de Galicia que existan, novamente, casos similares aos que dixo corrixir e que atribuíu a un erro administrativo?
3. Ten constancia a Xunta de Galicia de ter cometido algún erro administrativo ou ter xerado algún malentendido que, ao contrario dos casos coñecidos, derivara nunha contratación extra ou nunha prórroga extra a algún profesional de enfermería nos últimos tempos?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 23/04/2020 13:13:49**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2020 13:14:04**



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Na primeira semana de abril, o Goberno de España anunciou a realización dun estudo de seroprevalencia en relación á pandemia provocada polo coronavirus. Este estudo, pilotado polo prestixioso Instituto de Salud Carlos III, terá incidencia en todo o territorio e terá un volume de datos moi elevado (mostra mínima de 60.000 persoas) para consolidar a súa fiabilidade e permitir o traballo desagregado tamén por territorios de ser necesario.

Máis dunha semana despois a Xunta de Galicia anunciou a realización dun estudo propio, cos mesmos obxectivos e metodoloxía. Este estudo, ao que se anunciou que se dedicarían 100.000 test, non semella aportar novidades sobre o que o Goberno de España preparaba e comezou, e dedica un esforzo de volume de test que supera toda recomendación estatística sobre a necesidade de volume da mostra. Ao non xustificarse a súa necesidade por diferenciación de obxectivos, pero dedicando un volume de recursos que están sendo de necesidade noutros ámbitos de aplicación (test para sanitarios ou para residencias de maiores), foi certamente criticado por diversos sectores científicos.

A existencia de dous estudos similares, un anunciado só a posteriori e sen maior información, prodúcese un solapamento de traballo que podería ser resolta se a Administración autonómica colaborase certera e lealmente co estudo xeral do estado que permitirá, entre outras cuestións, traballar nas liñas concretas de desescalada e nos métodos a seguir conxunta ou diferenciadamente por territorios.

A posibilidade de existencia de conflitos elévase, polo feito de desperdiciar recursos nun traballo xa existente e pola posibilidade de que cheguen resultados en dous momentos temporalmente distintos a dúas administracións distintas, que poden enlentecer a toma de decisións.

A maiores desta circunstancia, o desenvolvemento do estudo galego implica a necesidade de participación dos centros de saúde e os profesionais que alí traballan. Este colectivo non foi informado correctamente, nin partícipe das decisións dun traballo que implica un elevado esforzo para o que non se



concretaron accións, recursos e coordinación. Así, os profesionais de atención primaria afrontan con incerteza as indicacións de realizar un estudo sobre o que apenas recibiron unha carta días antes de comezar e sen claridade nas explicacións.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que obxectivos xustifican a realización dun estudo de seroprevalencia propio en Galicia despois do que iniciou o Goberno de España para todo o Estado?
2. Que fundamentación ten o deseño do estudio e a necesidade dunha mostra como a anunciada?
3. Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia facer públicos os datos completos e de libre acceso para a comunidade científica?
4. Como valora a Xunta de Galicia que os profesionais do sistema sanitario público galego, en especial os de primaria, deban afrontar a realización dun estudo sobre o que non tiveron información e que sobrecarga de traballo nunha situación tan crítica como a actual?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 23/04/2020 14:03:35**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2020 14:03:47**



## Á Mesa da Deputación Permanente

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O confinamento por coronavirus e o peche dos centros educativos pon a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo. Trátase dunha situación excepcional e mundial que afecta a máis de 1.370 millóns de alumnos segundo a Unesco. En Galicia son preto de 230.000 os alumnos e alumnas que se atopan nesta situación excepcional.

Máis alá de declaracións por parte dos responsables educativos da Xunta de Galicia que tenden a minimizar o impacto desta situación sobre o alumnado, o certo é que de forma prioritaria debemos activar todos os recursos ao noso alcance para manter a continuidade educativa a distancia e atender a toda a poboación escolar; a actual situación de suspensión da actividade lectiva en todos os niveis educativos, ten posto de manifesto os peores efectos da xa coñecida en parte, e suposta noutra, fenda dixital existente entre o alumnado.

*A Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2019* realizada polo INE, pon de manifesto o seguinte en canto á dispoñibilidade de ordenadores e conexión a internet, así como o tipo de conexión nos fogares de Galicia en función da renda familiar:

A mesma enquisa, analizando o tipo de conexión en función do lugar de residencia, amosa o seguinte:

	Vivendas con algún tipo de ordenador	Vivendas que dispoñen de acceso a Internet	Vivendas de Banda Ancha (ADSL, Rede de cable, etc)
Ingresos mensuais netos do fogar: Menos de 900 euros	51,9	75,7	74,4
Ingresos mensuais netos do fogar: de 901 a 1.600	72,6	90,0	89,5
Ingresos mensuais netos do fogar: de 1.601 e 2.500	83,2	95,0	94,6
Ingresos mensuais netos do fogar: máis de 2.500	90,6	97,1	96,4

De xeito inmediato identifícanse dous factores que determinan a existencia e amplitude da fenda á que nos estamos a referir: a renda familiar e o lugar de residencia.





	Vivendas que dispoñen de acceso a Internet	Vivendas con conexión de Banda Ancha (ADSL Rede de cable, etc)
Hábitat: de 100.000 e máis habitantes e capitais de provincia	93,6	93,6
Hábitat: de 50.000 a menos de 100.000 habitantes	93,,0	93,0
Hábitat: de 20.000 a menos de 50.000 habitantes	94,1	94,1
Hábitat: de 10.000 a menos de 20.000 habitantes	86,1	86,1
Hábitat de 10.000 habitantes	81,2	79,1

A necesaria dispoñibilidade dalgún tipo de equipamento (ordenador ou tablet) así como unha conexión a internet que permita un seguimento aceptable das actividades propostas ao alumnado, resulta imposible na metade dos fogares con ingresos netos mensuais inferiores a 900 € e, dentro dos que dispoñen de equipamento informático, a cuarta parte carecen dunha conexión axeitada.

Menos impacto dende o punto de vista cuantitativo, pero grave para o alumnado que poida estar nesas circunstancias pola limitación que supón, é a inexistencia dunha conexión axeitada na quinta parte do fogares que, dispoñendo de conexión a internet, se sitúan en entornos de menos de dez mil habitantes.

O certo, con independencia dos datos que se consideren, é que a actual situación ten posto de manifesto a necesidade de censar as necesidades de dixitalización que seguen sen cubrirse (% de centros sen plataformas en liña, % de alumnos sen ordenador, impresora ou conexión axeitada a internet, % alumnos cos que resulta complexo comunicarse, etc). No escenario post-criese e con posibilidades de que se repitan confinamentos de distinta amplitude e/ou periodicidade, este censo permitirá actuar de xeito moito máis eficiente.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Está a realizar a Consellería de Educación, Universidade de Formación Profesional algún estudio que permita coñecer o grao de acceso do alumnado ás distintas alternativas que se lle están a ofertar para continuar co seu proceso educativo?

2ª) De ser así, que instrumentos e indicadores esta a empregar a Consellería de Educación, Universidade de Formación Profesional nese estudio? Que resultados evidencian eses estudos? Que valoración fai da situación que se teña detectado?

3ª) Se non o está a facer, porque motivos se tomou esa decisión?



4ª) Considera necesario coñecer, en cada curso, a realidade do alumnado en canto á dispoñibilidade de recursos axeitados para o seguimento de formación a distancia?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2020 19:42:57**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 23/04/2020 19:43:21**





## Á Mesa da Deputación Permanente

**Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Entre as distintas consecuencias negativas que a pandemia do coronavirus produce, os e as profesionais de saúde mental alertan sobre as difíciles situacións que moitos pacientes están a atravesar e que poden ser agravadas con confinamento se non existe unha atención reforzada e específica.

Patoloxías de diversas características e grado de gravidade son susceptibles de empeorar na situación actual, ademais dos problemas de saúde mental que pode provocar o escenario en persoas aparentemente “sans” dende o punto de vista da saúde mental. A estas cuestións cabe engadir o problema das persoas maiores que viven soas, que ademais da problemática social poden engadir unha posible tendencia á desorientación e á incidencia e enfermidades do eido da saúde mental que non estaban aparentemente presentes con anterioridade.

Este escenario vese agravado pola situación previa estrutural da saúde mental no sistema sanitario público de Galicia, afectado por unha política de recortes nos últimos 11 anos que viu como incidía de maneira específica na saúde mental. A ratio de profesionais de psicoloxía está en Galicia inferior á media de España (3,7 fronte a 4,3 por 100.000 habitantes), a existencia de unidades de tratamento de saúde mental é insuficiente e áreas como Vigo (a máis grande de Galicia) está sen unidades específicas cuxa necesidade é recoñecida unanimemente. Dende o Plan Estratéxico de Saúde Mental que a chegada de Núñez Feijoo paralizou, existiron moi poucos avances, e a pesares das repetidas promesas dun novo plan estratéxico todas elas quedaron aparcadas.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas ten tomado o Goberno da Xunta de Galicia en termos de saúde mental durante a crise do coronavirus?



2. Asume o Goberno da Xunta de Galicia a importancia que ten que existira un Plan Galego de Saúde Mental vixente e dotado dos recursos necesarios para poder afrontar a situación actual?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 24/04/2020 10:02:06**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/04/2020 10:02:22**



## Á Mesa da Deputación Permanente

**Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A atención social ás necesidades e demandas dos nosos maiores, menores, e persoas con discapacidade, debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non soamente destes sectores tan vulnerables, senón de toda sociedade no seu conxunto. Canto máis na actualidade, fronte a crise sanitaria e social máis grave da nosa historia democrática, que afecta de maneira especial a estes colectivos, cun dos epicentros da pandemia do COVID-19 situado nas residencias de maiores. Nestes momentos máis que nunca, a poboación máis vulnerable ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

Mais a realidade é que esta crise afondou aínda máis nas consecuencias xeradas polas problemáticas habituais por exemplo dos centros de atención a persoas maiores, dos que xa advertiu o propio Consello de Contas no seu informe publicado no ano 2017 sobre *“Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes”*, xeradas polo modelo de atención directa aos nosos maiores promocionado dende a chegada á Xunta de Galicia do señor Feijoo: privatización, escaseza de persoal, e falla de control no funcionamento dos centros privados.

Tal e como indica o propio informe, a pesares de que se incrementou o número de prazas privadas, o número de efectivos da inspección non aumentou, e os centros privados campan as súas anchas na nosa comunidade autónoma coa complicidade do Goberno galego; e mesmo constata que nos casos nos que se detectaron irregularidades nestes centros, e despois de comunicalo, as deficiencias non se subsanaron, e a Administración pública non impuxo ningunha sanción.

